

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de consignar a parte da aportación municipal do IDAE e cumprir os prazos establecidos para este fin.»
Data	24 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:10 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria acctal.	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	LUIS MANUEL LOZANO LORENZO (Interventor acctal)	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS (Secretaria acctal.)	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 579/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO, PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PROXECTO “RENOVACIÓN PARCIAL DO ALUMADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comeza explicando que este expediente de modificación de crédito ven motivado polo ditame favorable do director xeral do IDAE para a concesión dunha axuda de 6.833.000,00 € para acometer a actuación “Renovación parcial do alumado, iluminación e sinalización exterior” neste concello por un importe total de 8.541.000,00 €, dos que lle correspondería ao Concello unha aportación de 1.708.361,92 €.

Continúa dicindo que se está a falar dunha actuación que suporá un aforro moi importante, garantindo o financiamento total por tratarse dun recurso afectado de incorporación obrigatoria, de xeito que garantirase a aportación do Concello tanto para este exercicio como para os posteriores.

Por outra banda, di que a modalidade elixida é a de crédito extraordinario, ao abeiro do disposto

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





na lexislación aplicable; ademais, o Concello cumpre con todos os requisitos para poder solicitar esta modificación orzamentaria, xa que a Liquidación do ano 2018 amosa resultados positivos, cumprindo cos principios de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto; sendo a tramitación aquela que consta no respectivo expediente, propoñéndose a aprobación do expediente de modificación orzamentaria nº 6/2020 para unha operación de crédito de 1.708.361,92 euros.

Intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para facer constar que no informe da Intervención municipal indícase que esta modificación afecta á estabilidade orzamentaria, algo que considera previsible e normal, e pódese disfrazar como se queira, e, ao abeiro do sinalado no devandito informe, considera que é unha cuestión de vontade política o salvar o tenor de dito informe para facerlle espazo a esa modificación orzamentaria; o seu grupo político entender cal é esa modificación, compartindo tamén a súa finalidade e apoiando esta proposta, pero recomenda mirar con agarimo a maneira de financiamento, porque é unha considerable cantidade a que hai que aportar. Finalmente traslada o voto a favor do seu grupo a esta proposta, coas reservas do manifestado no informe da Intervención municipal.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar o voto a favor do seu grupo a esta proposta, a pesares do recollido no informe de Intervención sobre que este gasto pode afectar á estabilidade orzamentaria; sen embargo, mostra a súa conformidade co cambio de luminarias, por supoñer un aforro para as arcas públicas.

Aproveita para trasladar ao Pleno a necesidade de revisar as luminarias no casco urbano, ao abeiro das queixas dos veciños pola existencia de zonas escuras, como por exemplo no entorno da Praza da Igrexa.

A voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, toma a palabra para dicir que pouco ten que engadir ás anteriores intervencións, porque entende a necesidade de esta actuación a pesares das reservas existentes e que comparte, esperando que estas se poidan solucionar e, polo menos, non teñan un mal final. Finalmente, traslada o voto a favor do seu grupo a esta proposta.

O **Sr. Alcalde**, non habendo máis intervencións, somete a votación a proposta incluída no expediente 579/2020 *“Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de aprobación do expediente e prego de condicións administrativas particulares que rexerán o contrato de préstamo a longo prazo, con previa apertura de crédito, para o financiamento da achega municipal ao proxecto Renovación parcial do alumado, iluminación e sinalización exterior”*; adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 14/02/2020, en relación co asunto que se trata a continuación.

Vista a Providencia da Alcaldía asinada con data 10/02/2020, en relación coa concertación de operación de préstamo a longomprazo para o financiamento da achega municipal ao proxecto "Renovación parcial do alumado, iluminación e sinalización exterior".

Visto o expediente da operación de crédito a longo prazo para o investimento "Renovación parcial do alumado, iluminación e sinalización exterior", subvencionado polo IDAE.

Tendo en conta que esta operación de crédito figura como financiamento da modificación orzamentaria, actualmente en trámite, dentro do expediente





529/2020, ao abeiro do previsto nos apartados 1, 2, 3 e 6 do artigo 177 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLFL),

Visto o informe de Intervención, onde se analiza, entre outros extremos:

- A capacidade da entidade local para facer fronte, no tempo, ás obrigas derivadas da dita operación, tal e como establece o artigo 52.2 do TRLFL.
- A porcentaxe que supón sobre os recursos ordinarios do orzamento prorrogado en vigor.
- A carga final anual máxima do Concello.

Tendo en conta que, por superar a operación prevista o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento prorrogado en vigor, corresponde ao Pleno da Corporación a competencia para aprobar o prego de cláusulas do contrato de préstamo, segundo o disposto nos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local e 52.2) do TRLF.

E para facer efectivos os principios fixados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e moi en especial os de publicidade e concorrência.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 18/02/2020.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo, por importe máximo de 1.708.361,92 euros, destinado ao financiamento da achega municipal ao proxecto “Renovación Parcial do Alumado, Iluminación e Sinalización Exterior” (expediente 579/2020).

Segundo.- Aprobar o Prego de condicións administrativas particulares que rexerán a devandita operación de préstamo.

Terceiro.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación e remitir os pregos da concertación da operación de préstamo a longo prazo ás Entidades financeiras, para que presenten as súas ofertas axustándose ás determinacións fixadas polo informe de prudencia financeira emitido pola Intervención municipal con data do 12 de febreiro de 2020, no que se toma como referencia para o cálculo do Custe Total Máximo os datos referidos ao Anexo I da Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, do 4 de xullo de 2017, publicado segundo Resolución do 5 de febreiro de 2020 (publicado no B.O.E. de 07/02/2020), que actualiza o dito Anexo.

Cuarto.- A Comisión Técnica que emitirá o informe-proposta de adxudicación estará formada polos seguintes membros:

- a) O Concelleiro delegado de Facenda.
- b) A/o Interventora/Interventor do Concello
- c) A/o Secretaria/o do Concello.
- d) A/o Tesoureira/o municipal.
- e) A técnico de xestión de Intervención, con voz e voto, que levantará acta.

Os membros da Comisión poderán ser substituídos polas persoas que legalmente lles substitúan nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante.

Expediente 529/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE Nº 1/A/2020 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 6/2020) DE CONCESIÓN DE CRÉDITO

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: AJTXALDWP4MLN7ZZSA32RSG3 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



EXTRAORDINARIO FINANCIADO MEDIANTE OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO, CO OBXECTO DE FACER FRONTE Á APORTACIÓN MUNICIPAL AO PROXECTO “RENOVACIÓN PARCIAL DO ALUMADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar esta proposta, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, para dicir que acaba de cambiar o orde no tratamento dos puntos da orde do día, de xeito que no punto anterior debateuse este punto, polo tanto, entra a explicar o que son os termos que rexerán esta concesión de orzamento e cales son as condicións que se esixen para a solicitude deste préstamo.

Di que, á vista da última Liquidación do Orzamento con resultado de supérvit e estando dentro dos límites de débeda establecidos pola normativa (que pasaría do 22,97% ao 32,09%, estando este Concello por debaixo do máximo permitido), cúmprense con todas as condicións de flexibilidade de custe máximo do préstamo, o cal será cun tipo fixo de euribor de + 0,511 e un variable euribor + 0,388.

Continúa explicando que se trata dun préstamo por dez anos máis dous de carencia, non tendo amortización anticipada á vista do aforro que ten esta actuación.

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **Sr. López Bueno**, para dicir que o informe de Intervención permite este préstamo na situación actual, pero a situación demográfica da Estrada é a que é, estando nun risco manifesto de caer nos 20.000 habitantes, considerando que ten transcendencia neste asunto. Ante o anterior, considera que estamos ante un grupo de goberno inconsciente por non estar a valorar ese posible escenario, polo que considera que deberíamos estar preparados para coñecer ao que nos afrontamos e saber con que armas contamos para atacar unha redución de ingresos dese calibre. Di que a débeda na situación actual non é un problema (un 30%), porque é perfectamente asumible e dentro dos marxes legais, ademais os custos financeiros que se van a sumir vanse a situar nun 4%, pero todo iso sempre que non se engorde a débeda, sobre todo tendo en conta que estamos a falar dunha situación económica a nivel mundial que mantén os tipos nos máis baixos da historia, polo tanto iso favorece que o noso custe financeiro sexa máis baixo, pero non é unha situación que se vaia manter a longo prazo. Ante o anterior, vendo os prazos nos que se está movendo o financiamento do Concello, especialmente nos últimos anos, entende que é un fenómeno a ter en conta porque non sempre vamos a ter estes tipos tan baixos; de feito o custo da débeda permañecerá en medio millón seiscientos mil euros para este exercicio, descenderá sempre que non haxa novo endebedamento e que encarecerán os custos. Polo dito, entende que hai que mirar este asunto con perspectiva, porque estamos a pedir un financiamento a longo prazo, poñendo como exemplo ás quebras de grandes compañías. E, a pesares do aforro do que falou o Concelleiro de Facenda, di que se debería ver en canto se queda ese aforro a final de ano, porque falar sobre o papel é moi doado, pero, nese senso, considera que habería que esperar a ver canto é aforro nese primeiro ano para valorar si o que din é certo ou non.

Finalmente, traslada o voto a favor do seu grupo a esta proposta por considerar que, dentro dos niveis que temos na actualidade, o préstamo é asumible, pero pide ao grupo de goberno que sexa prudente co endebedamento do Concello e que valoren en que escenario podería quedar A Estrada en caso de que se baixe de vinte mil habitantes coa correspondente caída de ingresos, prexudicando a sostibilidade do noso concello e a prestación dos servizos, xa que en caso contrario estaría ante un desastre en boa parte promocionado polo actual grupo de goberno e polos nefastos datos demográficos dos últimos anos.

Pide a palabra a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para dicir, que máis alá da perda de categoría do Concello, o cal é moi previsible se non se toman medidas ante a perda

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: AJTXALDWP4MLN7ZZSA32RSGG3 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



demográfica, suporá serias perdas económicas por mor da falta de ingresos; pero máis alá do anterior, por culpa do envellecemento da poboación, cada vez fará falta máis cartos para a prestación de servizos ás persoas maiores. Polo anterior, cre que é indispensable un gasto responsable do Concello, non só para non seguir endebedándose, senón para ter en conta que hai unhas necesidades das persoas máis desfavorecidas que non se deberían de esquecer e, polo tanto, pensar na prestación dos servizos necesarios para este sector, sobre todo agora, que se están a elaborar os orzamentos.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para sumarse á problemática da densidade demográfica do noso concello, porque se baixamos dos 21.000 habitantes terase un problema grave de financiamento, polo que debería atender a este problema de xeito específico e en profundidade, porque non se trata só dos gastos que poidan ter en materia de servizos sociais, senón que o Concello ten unha determinada serie de eivas, como pode ser a emigración, o acceso á vivenda, a falta de traballo, etc, e que contribúen a esa sangría demográfica e que nos pode pasar factura; porque, aínda que agora estamos a vivir cunha certa comodidade e marxe económica, en calquera momento a situación pode cambiar, algo que se debe ter en conta cando estamos a falar dun crédito a longo prazo, polo que se debería ter unha alternativa en caso de que a situación económica actual cambiase a peor, pero, a parte do anterior e tendo en conta de que va dirixido a unha actuación necesaria, vai a votar a favor.

Intervén novamente o **Sr. Alberto Blanco**, para responder ao voceiro do grupo socialista en relación a que o grupo de goberno non lle da importancia á baixada da poboación e categoría do Concello, e, a este respecto, di que si lle preocupa e, por iso, este tipo de accións permítenos facer inversións que en ningún momento poñen en risco á sanidade financeira municipal e que vai a permitir cambiar un gasto por unha inversión, é dicir, cámbiase gasto eléctrico por inversión en calidade de vida para os estradenses.

O **Sr. Alcalde** intervén para agradecer o apoio da oposición a esta iniciativa para buscar unha solvencia financeira para unha administración, de feito estamos intervidos fai uns anos e cunhas limitacións orzamentarias derivadas dos teitos e límites de gastos impostos dende o goberno central, de feito somos a única administración que estamos tuteladas e que orixina unha gran problemática por mor de que os servizos e os custes aumentan a pesares de que o teito de ingresos é limitado, algo que se pode comprobar nos orzamentos, onde a partida de investimento vai minorando. Ante o anterior búscase a maneira de facer máis sostible as arcas públicas, e a forma de facelo é investir máis de oito millóns de euros para acometer o cambio do alumado público no rural (xunto co millón de euros que se está a empregar no caso urbano). Di que non vai a discutir nin as experiencias doutras administracións nin a política posta en marcha pola Unión Europea e polo Ministerio de Transición Ecolóxica, porque isto é matemáticas e física, xa que se tes bombillas de 140 vatios e as cambias por outras de 30 vatios, tes un aforro do 75%, polo que o que imos a facer é reducir as potencias contratadas cambiando as luminarias por led e cambio dos cadros de luz; pero hai que ter en conta dous aspectos, o custo do investimento (alto, pero cun financiamento do 80%) e o control das facturas sabendo cales son os consumos reais, e así ir cumprindo co mercado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e a Comisión Europea. Continúa aclarando que este investimento sería inviable se non se contara coa sorte de ter este financiamento.

Así mesmo, o Sr. Alcalde detalla que con anterioridade fixéronse outras operacións de financiamento e que xa están amortizadas; unha foi para o pagamento de máis dun millón de euros en facturas no ano 2011, e a outra foi para a adquisición dos terreos con destino á ampliación dos xardíns municipais. Di que outra alternativa que se podería plantexar é a amortización deste financiamento nun prazo razoable de tempo sen chegar aos dez anos, que é



o máximo que se vai a solicitar; pero tamén hai que ter en conta outro aspecto moi importante, o cal é o que vai a pasar cando a vida útil deste investimento remate, algo que lle preocupa moito, xa que cando dentro de dez ou doce anos esas lámparas deixen de funcionar estamos ante outro novo investimento, polo que haberá que facer unha planificación para renovar todo o alumado nese momento de finalización da vida útil do alumado, valorando a forma de financiamento e a amortización dese ben dun xeito ordenado para que cando isto ocorra dentro de dez anos a corporación dese momento teña esa previsión xa feita.

Continúa explicando que o aforro con este proxecto está claro, cunha previsión mínima de 600.000 euros ao ano, polo que en menos de tres anos estará amortizada a parte do investimento que lle corresponde ao Concello e, a partires de aí, haberá que ver a onde se destina ese aforro. Pero di que o que si está claro e que se trata do investimento máis importante deste Concello e que hai que poñelo en marcha xa, porque temos seis meses dende a concesión da subvención (mediados do mes de decembro) para a súa execución, é dicir, que a mediados do vindeiro mes de xuño ten que estar licitada a obra (redacción do proxecto), e despois a mediados do próximo mes de decembro deberá estar adxudicada, polo que se deberán de apurar os trámites para o cumprimento dos prazos establecidos; despois hai dous anos e medio para ter a obra finalizada (xuño de 2022), e, para cumprimento destes prazos, é imprescindible ter contratado este préstamo o máis antes posible, polo que agradece o voto a favor dos grupos da oposición.

Pide novamente a palabra o **Sr. Luís López Bueno** para dicir que lle “chirría” o discurso do Sr. Alcalde, porque as compañías eléctricas teñen auténticos expertos titulados e, sen embargo, este explica que a factura da luz dicindo que se ten unha lámpada de 100 vatios e poño unha de 50, aforra na factura o 50%, e aclara que iso non é así, porque na factura non se recolle só o consumo, senón que se inclúen outra serie de cousas segundo as potencias contratadas; entende que se se cambian as luminarias haberá un aforro, pero non se pode poñer unha cifra pechada porque é pronto para sabela.

O **Sr. Alcalde** lle responde que está feito un estudo, xa que foi imprescindible á hora de solicitar a subvención o presentar unha memoria avalada onde se recollen os custes e os aforros.

O **Sr. López Bueno** di que o papel o soporta todo, o caso é a realidade do despois, por iso aconsella esperar á execución da obra para ver se se cumpre ou non o recollido nese estudo. Por outra banda, en relación á previsión dos dez anos de vida útil das luminarias, di que aquí estamos a debater esta proposta e non podemos estendernos ao que vai a pasar dentro de dez ou doce anos, xa que non lle corresponde a este debate a figura de como se financiará dentro de dez anos esta iniciativa e, de feito, se se entrara neste tema o Sr. Alcalde pediría que nos centremos; en todo caso lle pregunta se se compromete a ter no ano 2023 ese plan.

O **Sr. Alcalde** resposta que si lle interesa ao Sr. López Bueno o que vai a pasar dentro de dez anos cos tipos dos xuros, como dixo no seu discurso, o mesmo lle ten que preocupar o que vai a pasar cas lámpadas dentro de dez anos, o que pasa é que non se quedou con ese detalle, o cal é preocupante pero non aporta nada nesta debate, xa que estamos a tratar a contratación dun crédito cuns tipos de xuro dos máis baixos da historia, cando todos os préstamos anteriormente concertados foron a tipo fixo, ademais de que as posibles alteracións nos tipo de xuro non nos vai a afectar porque estamos blindados, de feito estase a contratar segundo os criterios dos técnicos municipais e, loxicamente, vaise a elixir entre as propostas presentadas polas distintas entidades bancarias a máis vantaxosa para este Concello. Sen embargo, manifesta que o que lle preocupa máis e ese segundo escenario dentro de dez anos e que, seguramente, non o vai a sufrir esta corporación, ao igual que quizais tampouco vai a ver ese aforro medio que se





producirá grazas á redución da potencia contratada, porque el non cuantificou o aforro en cartos, senón en potencias contratadas.

Continúa informando que esta actuación xa se fixo noutros concellos, polo que xa existen precedentes que deixan estudos contrastados sobre os aforros, de aí a previsión de que se poderá a aforrar en torno a seiscentos mil euros, porque o gasto actual está en torno a un millón de euros, é dicir, un aforro de case dun 60%, aínda que pode que sexa maior; ademais, o prazo de retorno para este tipo de subvencións estímase en dous anos e medio, ao abeiro do estudo que fai o IDAE dos proxectos que se presentan, polo que vamos a fiarnos dos que saben, considerando que é unha boa oportunidade que repercutirá en un aforro substancial para o Concello.

Finalmente advirte que hai que estar moi atentos cos prazos que marca a Comunidade Europea para a execución destas actuacións, porque, en caso contrario, perdemos a subvención.

Intervén o **Sr. López Bueno** para aclarar que fala do tipo de xuros a dez anos porque ten que ver co tipo de financiamento da iniciativa. Di que o que o Sr. Alcalde plantexa, en canto á renovación desas luminarias no prazo de dez ou catorce anos, ten sentido traelo a colación unha vez se aprobou este proxecto; en todo caso falar do financiamento e tipos de xuro ten sentido na medida que estamos a debater este tema, pero sabe que se a oposición sacara este tema o Sr. Alcalde lles retiraría a palabra, polo que considera que deberíamos proceder á votación porque non ganas de discutir.

O **Sr. Alcalde** lle di que sería a primeira vez que lle retiraría a palabra, sobre todo cando se debateron temas máis dubidosos e xamais se lle retirou a palabra, sen embargo, quere agradecer a súa aportación e apoio a esta proposta.

O **Sr. Alcalde**, non habendo máis intervencións, somete a votación a proposta incluída no expediente 529/2020 “*Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en relación ao expediente nº 1/A/2020 (modificación de crédito número 6/2020) de concesión de crédito extraordinario financiado mediante operación de crédito a longo prazo, co obxecto de facer fronte á aportación municipal ao proxecto Renovación parcial do alumado, iluminación e sinalización exterior*”; adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 14/02/2020, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vista a Providencia da Alcaldía de 10/02/2020.

Vista a Memoria da Alcaldía-Presidencia de data 10/02/2020, xustificativa da modificación orzamentaria incluída no expediente 1/A/2020 de concesión de crédito extraordinario, financiado mediante operación de crédito a longo prazo.

Visto o expediente de crédito extraordinario número 1/A/2020 financiado mediante unha operación de crédito a longo prazo, ante a urxente e inaprazable necesidade, segundo se xustifica na memoria, de facer fronte á aportación municipal ao investimento “Renovación Parcial do Alumado, Iluminación e Sinalización Exterior” por importe de 1.708.361,92 euros.

Visto que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido con data 10/02/2020 pola Sra. Interventora municipal.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión do 18/02/2020.

E, de conformidade co disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, así como no debatido nesta sesión,





ACORDAMOS:

Primeiro.- Apróbase o expediente de crédito extraordinario número 1/A/2020 modificación orzamentaria número 6/2020 financiado cunha operación de crédito a longo prazo, de acordo co seguinte detalle:

Orzamento de gastos: Aplicación do orzamento de gastos que se dota de crédito extraordinario: 165.637.01.

Descrición do crédito extraordinario: “Renovación Parcial do Alumado, Iluminación e Sinalización Exterior”

Importe: 1.708.361,92 €

Orzamento de ingresos: Concepto de ingresos: 913.20

Recurso financeiro: Operación de crédito a longo prazo.

Importe: 1.708.361,92 €

Segundo.- Este expediente de modificación de crédito que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, e 38.2 en relación co artigo 20.1 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Levántase a sesión sendo as vinte e unha horas dez minutos do día do seu comezo, asinando o presente borrador da acta Dña. M.^a Jesusa Fernández Bascuas, en calidade de Secretaria accidental da sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: AJTXALDWP4MLNYZZSA32RSGG3 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233